



LUNS, 28 DE OUTUBRO DE 2024 | LUNES, 28 DE OCTUBRE DE 2024 | BOP NÚMERO 208

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para cubrir 10 prazas de auxiliar de administración, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, funcionario de carreira, promoción interna

ANUNCIO

Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para cubrir 10 prazas de auxiliar de administración, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición.

Por resolución núm. 1747 da concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Régime interior do 15 de outubro de 2024 resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para cubrir 10 prazas de auxiliar de administración, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición, de acordo co seguinte detalle:

Apelidos e nome	Fase Concurso (0-40 ptos.)	Fase Oposición (0-60 ptos.)	Total Concurso-Oposición (0-100 ptos.)
Añón Alvarez, Vanesa María	25.70	54	79.70
Barbeito Arcas, Ignacio	12.95	46	58.95
Bello Cañas, Ana María	19.40	32	51.40
Calvete Iglesias, Ana Isabel	15.90	52	67.90
Gago Vázquez, Francisco Javier	29.80	56	85.80
García Pérez, María Nieves	22.65	44	66.65
Lema Grela, Fernando Roberto	35	52	87
Rozas Vega, Ana Belén	30.30	58	88.30

Segundo.- Nomear como Auxiliares de administración da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2 do Concello de Culleredo as seguintes 7 persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo na quenda de promoción interna-ordinaria coas puntuacións totais que se indican:

- 1º. Rozas Vega, Ana Belén (88.30 puntos)
- 2º. Lema Grela, Fernando Roberto (87 puntos)
- 3º. Gago Vázquez, Francisco Javier (85.80 puntos)
- 4º. Añón Alvarez, Vanesa María (79.70 puntos)
- 5º. García Pérez, María Nieves (66.65 puntos)
- 6º. Barbeito Arcas, Ignacio (58.95 puntos)
- 7º. Bello Cañas, Ana María (51.40 puntos)

Terceiro.- Nomear como Auxiliar de administración da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2 do Concello de Culleredo a seguinte persoa aspirante que superou o proceso selectivo na quenda de promoción interna -reserva por discapacidade- coas puntuacións totais que se indican:

1º. Calvete Iglesias, Ana Isabel (67.90 puntos)

Cuarto.- Os nomeamentos nos casos de aspirantes que se atopen en situación de baixa por incapacidade laboral temporal, faranse efectivos na data que se produza a alta médica.

Quinto.- Declarar desertas dúas (2) prazas convocadas de auxiliar de administración, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, quenda promoción interna.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

O que se publica aos efectos do disposto no punto 8.2 das bases desta convocatoria.

Culleredo, 22 de outubro de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/7490